

Borges para Valente: de Aleph a Alef

Claudio RODRÍGUEZ FER
Universidade de Santiago de Compostela

RESUME: Neste artigo reúnense por primeira vez todas as referencias feitas por José Ángel Valente, na súa obra creativa e crítica, a Jorge Luis Borges, así como as lembranzas persoais dos seus encontros co escritos arxentino en Berlín e Bos Aires. Ademais, analízanse as recreacións de Borges feitas por Valente e a función modélica daquel a propósito da súa arte da persoa e das súas obras exemplares, sempre percibidas por este como auténticas leccións de mestre.

PALABRAS CLAVE: Borges, Valente, relacións literarias, influencias literarias, recreación.

ABSTRACT: This article gathers together for the first time all the references to Jorge Luis Borges in the creative and critical work of José Angel Valente, including personal reminiscences of Valente's meetings with the Argentinian author in Berlin and Buenos Aires. In addition, the article analyzes Valente's recreations of Borges, as well as the paradigmatic influence the author had, both personally and artistically, on Valente, who considered his works master classes in literature.

KEY WORDS: Borges, Valente, literary relations, literary influences, literary recreation.

José Ángel Valente, en 1996, cara ao final da súa vida, escribiu que Jorge Luis Borges era “el mayor narrador no novelista, ciertamente—que ha tenido nuestra lengua en el siglo xx —incluidos los novelistas, por supuesto—”, ademais de estar “doblado por un poeta de no menor condición” (Valente 2008: 1508). É dicir, no balance final de Valente, Borges non só era o maior narrador en castelán do século XX, senón un poeta deste mesmo nivel. E aínda lamentando o resultado de “Una encuesta de 1997”, sobre os libros máis importantes do século XX, Valente afirma que o ocupante do primeiro posto “debiera haber sido substituído —por muy poca que fuese la educación literaria de los lectores—por el de Jorge Luis Borges” (Valente 2008: 1566).

Non obstante, para Valente, a importancia de Borges non se circunscribe ao século XX nin a lingua castelá, senón que se sitúa no marco global da historia das literaturas modernas, sobre todo no xénero da narrativa breve, modalidade que valoraba en modo equiparable a calquera outra de tamaño maior, como deixou dito xa en 1982:

El género cuenta en su haber o entre sus creadores con algunas de las figuras más decisivas de las literaturas modernas desde Boccaccio a Cervantes o desde Poe a Borges (Valente 2008: 1307).

Atribuía ademais Valente á narrativa breve unha calidade matriz moi presente na obra de Borges, que considera “decisiva”, como apuntou no libro de aforísticas consideracións estéticas *Notas de un simulador* (1997):

El poema breve, escribió Poe, es el determinante de la modernidad. Los géneros breves han sido siempre géneros matrices, portadores de la semilla de un cambio de sensibilidad y de las posibilidades de imaginar. Tal es la importancia decisiva, para la escritura nuestra, de la greguería en Gómez de la Serna o de la narración breve en Borges (Valente 2008: 463).

Agora ben, este supremo recoñecemento da obra de Borges por parte de Valente viuse mediatizado tamén pola relación persoal co escritor arxentino, a quen coñeceu en Berlín e tratou en Bos Aires, e tivo como consecuencia dous creativos ensaios a el dedicados nos anos setenta: “El otro Borges” (1971) e “Borges y yo” (1979), ambos de títulos ben borgeanos, pois sintonizan co tema da alteridade tan patente en obras como a precisamente titulada *El otro, el mismo* ou mesmo repiten a denominación dun texto como o tamén precisamente titulado “Borges y yo” en *El hacedor*. E, por suposto, aparte disto, cómpre facer constar a influencia que o autor de “El Aleph” exerceu sobre a poética e sobre a narrativa do seu admirador.

CON BORGES EN BERLÍN

En efecto, Valente coñeceu a Borges no mes de setembro de 1964 durante un Encontro Internacional de Poetas en Berlín, tal como me relatou persoalmente nunha das entrevistas que lle realiceí:

A Borges coñecino en Berlín, nun congreso que fixo unha organización que despois desapareceu e que parece que estaba financiada pola CIA. Pero nós non sabiamos que estaba financiada pola CIA. Era un congreso sobre novela latinoamericana no que me quedei porque había novelistas que coñecía, pero, sobre todo, por el, que era un home cunha capacidade de sarcasmo increíble. Na inauguración deste congreso, un alemán, que era un personaxe oficial, non sei qué era, sería un profesor, pero que non sabía español, aprendeu o discurso en español, porque os alemáns son así de cabezudos. Pero, claro, aínda que o aprendeu, tiña fallos. E nun momento dixo: “Porque nosotros, *alemanos...*” E entón ouvíuse a voz de Borges, que dixo: “Y nosotros, *argentines...*”. El sempre comentaba que dicía estas cousas porque, como era cego, cría que non o oían, que por iso dicía estas impertinencias, que tiñan que perdoalo. Daquela estaba con María Esther Vázquez, nesa época era a súa acompañante. Creo que pasamos o mesmo día a Berlín Este, porque estaba aínda o Muro, e eu despois vino en Buenos Aires, na Biblioteca Nacional (Rodríguez Fer 2001: 199-200).

O Encontro Internacional de Poetas de Berlín, oficialmente denominado Internationalen Dichter-Begegnung (Berliner Festwochen), tivo lugar entre o 22 e o 27 de setembro de 1964, aínda que a memoria de Valente confunde ás veces o ano dando a data de 1963, o que se corrixe nas citas seguindo os seus expresos desexos. A lista dos participantes previstos era moi ampla, aínda que de España só figuraba Valente, o mesmo número que de Italia, de onde foi invitado tan só o poeta hermético Giuseppe Ungaretti.

O estado anfitrión, a entón República Federal Alemana, era o que contaba con máis intervinientes, oito en total, comezando por varios membros do chamado Grupo 47, como a poeta Ingeborg Bachmann ou o novelista Günther Grass.

Por número, os seguintes continxentes foron os dos sete representantes de Francia e de Estados Unidos, respectivamente. Entre os franceses constaban o poeta cristián Pierre Emmanuel, director do encontro; o máis coñecido como novelista Michel Butor, o poeta xudeu alsaciano Claude Vigée, o poeta nacido ucráino Alain Bosquet, o cineasta nacido montenegrino Frédéric Rossif e o tan borgeano ensaísta Roger Caillois. E a listaxe de estadounidenses incluía ao afroamericano Langston Hughes e ao inglés nacionalizado nos Estados Unidos W. H. Auden, a quen Valente intertextualizaría no poema “John Cornford, 1936”, de *La memoria y los signos* (1966) e de quen vertería ao castelán un texto sobre poesía e tradución para acompañar as súas versións de *Treinta poemas* de Cavafis (1971).

Seis escritores procedían de Portugal e catro de Gran Bretaña. Entre os portugueses, foran invitados Mário de Andrade, Sofia de Mello Breyner Andresen, António Ramos Rosa ou Pedro Tamen, mentres que, entre os británicos, figurou Stephen Spender, a quen Valente había de dedicar o artigo necrolóxico “Spender, en la sola memoria” (1995) evocando aquel encontro berlinés.

Ademais dos mencionados, prevíase así mesmo representación doutros cinco países europeos, cinco americanos, seis africanos e tres asiáticos. Algún destes escritores era xa coñecido como tal para Valente, por exemplo o martiniqués Aimé Césaire, e outros fariáanse mundialmente célebres por recibir andando o tempo o Premio Nobel de Literatura, como Wole Soyinka, de Nixeria, ou Derek Walcott, de Trinidad. En total, foron sesenta e seis os intelectuais invitados a esta xuntanza, que debeu ser dabondo importante para Valente, que entón tiña trinta e cinco anos e só publicara dous libros e unha antoloxía.

Non obstante, no seu artigo escrito a raíz do falecemento de Stephen Spender, Valente explicou que o escritor que máis admiraba e con quen máis procurou estar naquel encontro foi Borges:

Coincidi con él por vez primera en Berlín hacia 1965, en una reunión internacional que dirigía el poeta francés Pierre Emmanuel, donde estaban también Aimé Césaire, W. H. Auden y Jorge Luis Borges. Conocí entonces a Borges al que, poco después, iba a reencontrar en Buenos Aires. Estuve mucho más con él que con los otros escritores citados, mucho mayores que yo —todos los enumerados están ya muertos— y algunos, para mí, con una absoluta condición de maestros, como era ciertamente el caso de Borges, pero también el de Auden (Valente 2008: 1502-3).

Parece, pois, que, para Valente, o principal atractivo daquel encontro de Berlín era precisamente coñecer a Borges, a quen se aproximou a través da súa acompañante María Esther Vázquez, escritora arxentina de orixe galega, quen ademais foi a encargada de pasarlle ao intelectual suramericano uns poemas do español, tal como este mesmo relatou en 1981:

Era, digamos, en Berlín el año 1964. El joven autor estaba abrumado por la presencia de tantas —dos, al menos— admiraciones suyas muy notorias: W. H. Auden, con una máscara de inmóviles arrugas, y J. L. Borges, con los ojos ya lúcidamente fijos en un punto no visi-

ble del aire. Acompañaba a Borges María Esther Vázquez, con quien aquél había de publicar dos años después sus *Literaturas germánicas medievales*. La proximidad, la conversación, la generosa mano mediadora de la acompañante de Borges, permitieron al joven autor hacer llegar a éste algún poema propio. Es de suponer que lo eligió con tembloroso cuidado, sopesando todas las previsibles preferencias del destinatario, pero sin olvidar al propio tiempo todas las imprevisibles paradojas de su opinión o de su gusto. Borges oyó el poema de boca de María Esther Vázquez. “Menos mal —dijo al fin, según parece— que no es demasiado moderno”. El joven autor se sintió verdaderamente honrado (Valente 2008: 1301-2)

Mais o recordo do encontro con Borges en Berlín foi permanente na vida e na obra de Valente, porque aínda en 1989 lembraba por escrito anécdotas como esta:

Recuerdo Berlín bajo los tilos en el otoño. Estaba Borges, quien, después de haber cruzado el *checkpoint Charlie*, solía decir: “¿Ha visto usted qué desolación?” Pero él no veía. Era a fines de 1964 (Valente 2008: 1457-8).

CON BORGES EN BOS AIRES

De feito, o inicial encontro de Berlín foi paradigma inevitable do seguinte encontro dos dous escritores, producido en Bos Aires, tal como expuxo Valente no primeiro ensaio que lle dedicou, significativamente titulado “El otro Borges”:

Yo mismo he vuelto a encontrar a Borges (*How strange it seems, and new!*) en la biblioteca de la calle México, en el Barrio Sur, después de haberlo visto a fines de 1964 en Berlín. Entre la persona de entonces y la de ahora parece haber una diferencia de mayor frescura física a favor de la de ahora. Claro es que ésta se mueve aquí entre libros y objetos familiares, entre los que no parece decaer en ella por un solo instante la continua invención o sueño de sí misma. No podría precisar, sin embargo, con cuál de los Borges hablo ni si éste y el de Berlín —tan coincidentes— son el mismo o ambos son atribuciones falsas o si el verdadero Borges (¿verdadero a título de qué?) no ha sido, desde hace tiempo ya, víctima del otro (Valente 2008: 225).

Na entrevista que lle realicei sobre este tema, Valente conta con afecto divertidas anécdotas dun personaxe que, ademais de admirable, lle resultaba simpático:

Acompañeino moito, e levoume moito por sitios de Buenos Aires. Ía sinalándome cousas inexistentes, porque como non vía dicía “aquí hay un patio muy bonito”, pero non había nada, a casa xa a derribaran. Entón acababa de casar ou quizais xa de separarse, non sei, en todo caso xa ía o matrimonio moi mal e queixábase moito, porque ela non era unha muller culta e... Era moi simpático, Borges. E despois, cando íamos paseando por Buenos Aires, parábano todo o tempo. El, que era un experto en rirse de si mesmo, díciame: “Todo esto, como puede imaginar, es una cosa montada para impresionarlo a usted. Toda esta gente tengo que pagarla yo”. Era moi simpático, moi intelixente e moi modesto no fondo (Rodríguez Fer 2001: 200).

Ademais, en “El otro Borges” deixou descritiva constancia do primeiro encontro bonaerense:

Yo mismo, digo, he vuelto a encontrar a Borges en su despacho de la Biblioteca Nacional, en la calle México, a comienzos del otoño (o primavera austral) de 1968. La conversa-

ción se prolongaba allí, aunque no ignorase yo que Borges debía dictar aquella mañana el prólogo de un libro. Había tenido él la amabilidad de decir por teléfono: “Venga; seguiremos conversando”, como para asegurar así, mínimamente, la identidad o la continuidad de ambos después de casi cinco años de un hipotético encuentro en el pasado. [...] La conversación se prolongaba, aunque había su prólogo pendiente y aquellas estampas de gauchos que Borges hojeaba (de gauchos irreales, como actores modestos disfrazados de gauchos) y, además, debíamos vernos otra vez antes de mi partida (Valente 2008: 225).

En efecto, Valente volveu ver a Borges tras o inicial encontro na Biblioteca Nacional, e xuntos percorreron significativos lugares de Bos Aires:

Salimos dos mañanas después por el Barrio Sur, [...] Me lleva a la casa de la Sociedad Argentina de Escritores, que presidió él en más difíciles tiempos, me hace ver la puerta cancel, el doble patio, los hierros del aljibe, la sala donde se siguen reuniendo los Amigos de Unamuno. [...] Caminamos hacia el Parque Lezama. Borges busca las casas donde todavía quedan restos de un jardín, de un patio. Allí —dice y señala la otra acera— hay aún edificios del novecientos. En realidad, no hay nada: muros a medio derribar con restos de molduras modernistas, ventanas o marcos vacíos que dan al aire y, al lado, sólidos edificios de hormigón semipudiente (Valente 2008: 227-8).

Valente recrea o momento en que se despediron en segunda persona, “sentados en una mesa de La Flor de Asturias, donde usted ha tenido la gentileza de ofrecerme un «guinado» como homenaje y despedida”, moi afectuosamente: “Y yo le aprieto la mano y me voy llevando sobre todo el recuerdo de sus pupilas infinitamente lejanas, de sus anegados ojos de aedo ciego” (Valente 2008: 229).

A visión dos ollos de Borges perduraría na memoria de Valente o resto da súa vida, e así o demostra o texto incluído na colección de apuntamentos máis ben aforísticos que titulou “Frontera” e que supuxo unha cuarta parte de *Notas de un simulador*: “Memoria de Borges: sus ojos ciegos deslumbrados a la vez por el espesor de la sombra circundante y por la plenitud solar de la luz interior” (Valente 2006: 469).

RECREANDO A BORGES

Mais o antedito reflicte que tanto o escritor ou escritores Borges como o home ou homes Borges provocan en Valente unha pulsión creativa ou recreativa que este nunca evita. Por exemplo, o ensaio “El otro Borges” é o único do libro *Las palabras de la tribu*, o gran tratado de Valente sobre a poesía contemporánea publicado en 1971, que aborda o caso dun poeta-narrador e, ademais, con procedementos precisamente narrativos, incluída a segunda persoa do singular. E incluso no posterior ensaio “Borges y yo”, publicado en 1979 con motivo do octoxésimo aniversario do escritor arxentino, Valente volve valerse, comezando polo título, de instrumentos narrativos, así como da segunda persoa do singular para dirixirse persoalmente ao homenaxeado.

“El otro Borges” é dende logo un sorprendente e persoal ensaio-conto aínda no libre contexto do libro *Las palabras de la tribu*. De feito, comeza cunhas irónicas e lúdicas interrogacións retóricas alusivas ao descubrimento, trocado en “invención” polo propio Borges,

do escritor arxentino por parte do seu difusor en Francia, Roger Caillois. Así, dende logo, podería comezar calquera dos ensaios-conto do autor de “Tlön, Uqbar, Orbis Tertius”:

¿Es Borges invención de Borges, invención de un dios o de Roger Caillois, como ha sugerido Borges mismo? ¿Quién ha inventado a quién? ¿El dios a Caillois para que éste a su vez soñara a Borges o Borges a los tres, de modo que abatido el sucesivo sueño desaparecerán de pronto el otro Borges, Roger Caillois y el dios? ¿Quién es quién en el juego infinito de las formas posibles? (Valente 2008: 224-5).

A continuación, Valente, partindo do inicial encontro en Berlín, narra os posteriores encontros en Bos Aires realizando unha compracida inmersión na vida e na obra de Borges cun estilo tamén tipicamente borgeano:

Habló él de Borges niño, que correteó de pronto en el amplio despacho perseguido de cerca por el bramido efímero de un tigre pintado por él mismo. Habló de Ginebra, donde ahora escribo estas líneas, de la Ginebra de los años 14 al 20, de la casa de Ferdinand Hodler, número 17, y de aquel tiempo que, piadosos, cubren estos versos de Borges: “¿Y el incesante Ródano y el lago / todo ese ayer sobre el cual hoy me inclino?”, o tal vez este otro que acaso Borges ya hubiera escrito antes: “*By the waters of Leman I sat down and wept...*”.

¿Fue Borges —le pregunto irreverente— un bibliotecario de Alejandría nacido en las islas Falkland —según dicen, agrídulces o adversos, los exégetas— o un empleado ultramarino de la Lloyd’s Bank? Me habla él, en cambio, de su empleo, vejatorio e impuesto, como inspector de aves de corral en tiempos de Juan Perón, profuso en dientes, y yo lo imagino, sin querer y de golpe, disfrazado de anglómano en medio de un *hen-party* (Valente 2008: 226).

Mais, por se este procedemento non fose suficiente, Valente comeza a dirixirse a Borges a propósito do tempo e do espazo que comparten na Biblioteca Nacional que este dirixe na bonaerense rúa México, dotando ao relato real dun diálogo imaxinario, á maneira tamén borgeana:

El edificio fue construido en 1902 para alojar la Lotería Nacional y perdura —ya casi con la dignidad de un Coliseo— entre lo que el tiempo lleva y la piqueta derriba, un poco por milagro, un poco por la obstinación de Borges. Lo arrastrará el tiempo, al cabo, con su sala circular tan grata, las “lámparas estudiosas” (sí, Borges, esa figura es una hipálage, aunque la palabra de moda, tan de moda ahora, sea metonimia), sus estanterías donde, en efecto, hay siempre un libro que nunca leeremos (y usted y yo, Borges, seremos arrastrados con él, sentados como estamos, para representar la misma escena con cambiados papeles en otro círculo de lo posible) (Valente 2008: 226-7).

Neste xogo do real e do imaxinario, Valente volve ao plano do vivido incrustando o minucioso testemuño do momento no que Borges lle dedica un libro:

Borges mira con ternura e incredulidad el león heráldico y ficticio, el león de San Marcos de los Evangelios de Echternach que ilustra la portada de sus *Literaturas germánicas medievales*. En la página en blanco de ese libro escribe o casi graba, a modo de dedicatoria, su nombre. Hace muchas veces, hasta convertirlo en un haz de trazos superpuestos, el palo de la J, como si se apoyara en él para tomar impulso y dar legibilidad a lo que sigue. La mano tanteante en la casi ceguera deja el nombre hincado en el papel, patético, como una burda falsificación de lo cierto (Valente 2008: 227).

Pero, mentres Borges está “distraído en la escritura de su propio nombre” (Valente 2008: 227), prodúcese a onírica irrupción do fantástico borgeano, porque Valente fai comparecer nada menos que a Virxilio, identificable por vir recitando en latín a célebre hipálaxe da que fala o seu admirador arxentino na introdución ao seu misceláneo libro *El hacedor*, datada en 1960. O Virxilio deste soño do visitante porta un exemplar moderno da *Eneida*, a obra da que procede o hexámetro que inspirou o citado comentario de Borges e por certo tamén o título do poema en galego “Sub nocte” de Valente, incluído en *Cántigas de alén* (1987). O narrador, como ás veces ocorre nos soños, é só testemuña inmóbil do suceso e non pode intervir nel:

Se oyen unos pasos lentos, como arrastrados desde lejos. La figura que se dibuja en el umbral es manifiestamente anacrónica. Quisiera advertir a Borges, que se levanta y reconoce el bulto pero no la identidad de la figura. Quisiera advertir a Borges, pero no puedo, porque no soy protagonista sino sólo espectador de este sueño. El visitante lleva un libro en la mano, un libro propio, pero muy posterior en su forma material al tiempo de su escritura. Al avanzar hacia Borges se identifica con lo que acaso fuesen sus versos más famosos o los que más él habría detestado y pronuncia con opaca voz o deteriorado acento:

Ibant obscuri sola sub nocte per umbras (Valente 2008: 227).

Mais Borges non recoñece ao seu querido Virxilio e inmediatamente o confunde co seu tamén querido Leopoldo Lugones, a quen dedicara *El hacedor* e con quen dialoga na introdución deste libro cunha proximidade afectiva semellante á adoptada por Valente con el mesmo. Faise explícita así a *mise en abîme* á que está asistindo, pois Valente conta que soña un encontro entre Borges e Lugones anteriormente imaxinado polo primeiro:

Borges se adelanta hacia él, tanteando un poco el vacío sus manos ciegas, y entre respetuoso y cáustico le dice:

—Si no me engaño, usted no me malquería, Lugones... (Valente 2008: 227).

Así, o relato valenteano é xa un meta-relato borgeano e a súa incrustación nun ensaio como “El otro Borges”, publicado nun libro de estudos literarios previsiblemente críticos, adquire o releve dunha transgresión non menos borgeana das regras de separación dos xéneros literarios. O artigo “Borges y yo”, malia ter un título máis posiblemente narrativo, non entra tan de cheo neste xénero, pero o uso e abuso da segunda persoa dende o principio ao final confirenlle tamén un cariz de extralimitación xenérica próxima ao diálogo e á confianza.

ARTE DA PERSOA

Pero en “Borges y yo”, Valente presenta tamén o tema da arte da persoa desenvolto polo seu mestre a este respecto, actitude na vida e na obra borgeana que xustifica en boa medida os diálogos establecidos polo autor de *Punto cero* co escritor arxentino:

Usted, Borges, es un artífice mayor de la prosa y del verso en lengua nuestra. Pero, además, ha sido y es usted artífice mayor en la creación de su persona, de sus personas o sus máscaras (Valente 2008: 1282).

Seguidamente, Valente reconece na sabia humildade de Borges, acaso derivada do seu escepticismo esencial, unha lección fronte ao que Juan Goytisolo chamou *opiniomanía* dos intelectuais orgánicos dos medios de comunicación de masas:

Gracias a ese arte de la persona, gracias a muy secretas virtudes suyas, como la capacidad para afrontar la irrisión o el escarnecimiento, y recuerdo muy a ese propósito cuándo y cómo nació la rosa en la mano de Paracelso, nos ha ayudado usted a desmontar la torpe imagen del escritor inflado por sus propias opiniones, propias según le dicten o convenga, tan desgraciadamente típica de la nefasta hipopotamia progresista. Para esa especie de magno o magnificado portavoz de las ideologías, que tanto abunda aún en latitudes nuestras, usted ha escrito estas claras y definitivas palabras: “El ejercicio de las letras es misterioso; lo que opinamos es efímero” (Valente 2008: 1282).

O propio Valente pregúntase, pois, quen é propiamente Borges recorrendo a diversas e paradoxais imaxes e contra-imaxes do calidoscópico escritor:

¿quién es, en efecto, Borges? Sí, Borges, díganos: ¿Quién es usted? ¿Una invención del ya difunto Roger Caillois, como usted ha supuesto? ¿Un bibliotecario bisoño en barrio extremo de la ciudad de Buenos Aires, cuyo nombre coincidía ya, luengos años hace y por curioso azar, con el de un escritor argentino relacionado en el Espasa? ¿O, simplemente, como para la patricia sociedad porteña de otra época, el hijo de Leonorita Acevedo? ¿Sería usted la ilustración perfecta de lo que Hegel llama, aunque usted tan poco hegeliano sea, la identidad en la diferencia? ¿Borges y contra-Borges a un tiempo, para cumplirse así en sí mismo como los libros de Tlön, que no eran libros propiamente, sino encerraban a la vez su contralibro? ¿O sería usted anónimo, en rigor? Pues cierto es que no muy útil resultaría en este trance decir que Borges es Borges, si creemos, como quiere un viejo saber, que el nombre que puede ser nombrado no es el verdadero nombre (Valente 2008: 1280).

En calquera caso, para Valente, Borges comezou a ser Borges ou a deixar de selo cando comezou a cuestionarse a lóxica de todo, xa na súa nenez, como lle di en “El otro Borges” evocando a conversa mantida en Bos Aires:

Habla otra vez de Borges niño. Se vuelve a oír el bramido efímero del tigre, modulando con acento entre uruguayo e inglés, perplejo ante las desiguales ascendencias. Dos monedas de un peso eran un problema angustioso que el niño no se atrevía a plantear y que se prolongaba hasta el infinito. El problema no existía cuando se trataba de comprar algo por el preciso valor de un peso. Pero si el objeto que el niño deseaba adquirir costaba más de un peso y menos de dos ¿cuál era de las dos monedas de un peso la que el comerciante le cambiaba? ¿Los centavos de la vuelta eran fracción de cuál moneda? Y suponiendo que le hubiesen cambiado la más vieja, ¿por qué lo habían hecho? Pero, en todo caso, ¿cuál de ellas, en realidad, le habían cambiado?

No, Borges, el problema no era un problema vano. Por supuesto, ya había empezado entonces la gran maquinación, el juego falaz de las identidades, la solapada ascensión del otro Borges, el enredo del sueño o la refutación del tiempo (Valente 2008: 228-9).

Para Valente, a anécdota do escritor xa reconecido que figura no dicionario Espasa, mais que o disimula ante os seus colegas, sorprendidos pola coincidencia onomástica, na escura biblioteca en que traballa, é a máis significativa do humilde desdoblamento de Borges. Por iso a menciona no texto anteriormente citado de “Borges y yo” e por iso a utiliza

como punto de partida para explicar todo o xogo borgeano da plural identidade en “El otro Borges”:

¿Cómo sería —pienso— la modestísima biblioteca de barrio (Avenida La Plata y Carlos Calvo) donde Borges empezó a trabajar como auxiliar en 1938? Allí alcanzó a recibirse ya un volumen del Espasa donde figuraba un escritor argentino de nombre Jorge Luis y de apellido Borges. Sus colegas le hicieron notar la curiosa coincidencia de este escritor ilustre con su nombre, pero ni él ni sus colegas descubrieron nunca mayores coincidencias. Por lo demás, otras coincidencias eran impensables, y el modesto auxiliar fue el primero en maravillarse de azar tan prodigioso. Por supuesto, había empezado ya la gran maquinación, la implacable veleidad de las identidades, la atribución incesante al otro Borges. También había empezado a visibilizarse, circular, el tiempo, a ser erróneas las atribuciones, deliberados los anacronismos, fruto de un solo autor intemporal y anónimo todos los libros (Valente 2008: 226).

Non obstante, no limiar da vellez, Borges confesou no prólogo ao seu libro *El informe de Brodie* (1970): “La ya avanzada edad me ha enseñado la resignación de ser Borges”. A partir desta declaración especula Valente sobre o desdoblamiento en “Borges y yo”:

Es posible, aunque no lo sé a ciencia cierta, que usted, vencido por la edad, como usted ha escrito, se haya resignado a ser Borges. Pero entre Borges y usted sigue quedando un escalofriante espacio vacío, una tierra de Nadie que se llena de súbitos cuchillos, de la infinita llamada del Sur, de los patios pretéritos de la ciudad de Buenos Aires, de sus propias palabras y de los laberintos y figuras que usted ha imaginado o que, convergiendo en usted, nos han forzado a todos, usted mismo incluido, a imaginar a Borges.

Doblado el cabo de los setenta años, empezó usted a atreverse a declarar que creía haber encontrado su voz, al tiempo que atribuía a la avanzada edad su resignación a la rara desgracia de ser Borges. ¿Pero es, en rigor, esa resignación un reconocimiento? ¿Quién es quién en el azar de las formas, en el desdoblamiento o en la extinción de las identidades? Ningún hombre puede decir con certeza quién es ni en qué laberinto lo matarán la próxima vez que lo maten ni qué palabras suyas no había escrito ya él mismo acaso siglos hace (Valente 2008: 1281).

Ademais, o propio Valente coincidiu con Borges na sensación da disolución do eu, tal como me confesou expresamente na entrevista citada:

Era moi simpático, moi intelixente e moi modesto no fondo, ese tipo de persoa que se despega de si mesmo, que non termina de crer que existe. A min interésame moitísimo iso porque ademais creo que tamén me pasa un pouco a min, que non creo que exista completamente. Pero, ben, iso é outro tema (Rodríguez Fer 2001: 200).

Mais non é casual que a ese outro tema aludise irónica e precisamente en “Borges y yo”, presentándose a si mesmo como “nada” ou “ninguén”, e ao seu obxecto de comentario como superior por ser aínda máis improbable:

Nada, nadie; un simple particular en vías de casi nulo desarrollo. Pero si yo no sé quién soy, o si lo poco que supongo que soy apenas es probable, la interrogación se agravaría dirigida al otro miembro del escueto título (Valente 2008: 1280).

AS OBRAS EXEMPLARES

A biblioteca persoal de Valente, conservada na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética da Universidade de Santiago de Compostela, pon en evidencia a fidelidade lectora do galego ao bonaerense, pois contén vinteseis títulos borgeanos publicados en cada unha das catro últimas décadas do século XX en catro estados distintos, todos eles relacionados, aínda que en distinta medida, coa vida de Valente, pois se trata de dous americanos que visitou (Arxentina e México) e de dous europeos nos que morou (España e Francia).

En total, hai doce edicións españolas, nove arxentinas, dúas mexicanas e dúas francesas, das que corresponden nove aos anos noventa, sete aos setenta, seis aos sesenta e tres aos oitenta, conxunto ao que habería que engadir a presenza de Borges en numerosas antoloxías colectivas. Aínda que non sabemos como e cando adquiriu Valente cada volume, este continxente suxire que puido facelo nos catro países e, sobre todo, por estar corroborado polas referencias feitas nos seus escritos, que se interesou por Borges ao longo das catro décadas de madurez da súa vida.

Ademais, en dita colección figuran as *Obras completas* da Editorial Emecé de 1974 e boa parte da Biblioteca Personal publicada por Alianza Editorial nos anos noventa. O título que máis veces se repite é *Historia de la eternidad*, pois aparece nunha edición bonaerense de Emecé en 1961 e en dúas españolas de Alianza: a de Libro de Bolsillo de 1971 e a de Biblioteca de Autor de 1997. Dúas das obras publicadas na Arxentina, *Literaturas germánicas medievales*, feita en colaboración con María Esther Vázquez, editada por Falbo en 1965, e *Nueva antología personal*, editada por Emecé en 1968, están asinadas polo autor. O propio Valente relatou en “El otro Borges” o momento da sinatura de *Literaturas germánicas medievales* en Bos Aires e nesta cidade tivo tamén que asinarse, por lóxica cronolóxica, dita *Nueva antología personal*.

Non é de estrañar, pois, que no correlativo proceso de creación e recreación de Borges e de recoñecemento e identificación con Borges, mencione Valente algunhas obras narrativas e poéticas do seu nome polas que sinte particular admiración.

Por exemplo, en “Borges y yo”, utiliza o conto “El Sur”, do libro *Ficciones* (1944), como referente metafórico, pois o seu protagonista é secretario dunha biblioteca municipal bonaerense como o propio Borges:

Yo no me batiría nunca con usted a cuchillo, aunque alguna vez haya jugado también con un puñal, como Juan Dahlmann, a cuya segura muerte renunciaría yo en este caso (Valente 2008: 1281).

Para o autor de *El fin de la edad de plata*, “El Sur” era unha obra mestra que presenta “la terrible e irreal belleza de una muerte latinoamericana a cuchillo” (Valente 2008: 1308), como escribiu en 1982 a propósito da súa crítica adversa de *Crónica de una muerte anunciada*, de Gabriel García Márquez, cuxa decepcionante lectura precisamente o impeliu a reler “El Sur”.

A cita máis longa que Valente fixo dun texto de Borges procede do relato “El jardín de senderos que se bifurcan”, tamén do libro *Ficciones*, onde se sirve de toda unha páxina

para explicar o misterio do xardín atribuído a “Ts’ui Pên, que fue gobernador de Yunnan y que renunció al poder temporal para escribir una novela que fuera todavía más populosa que el *Hung Lu Meng* y para edificar un laberinto en que se perdieran todos los hombres”. Mais “El jardín de senderos que se bifurcan” só se comprende cando se desvela que “libro y laberinto eran un sólo objeto”. Como escribe Valente, “Borges une aquí jardín con laberinto. Pero el laberinto es, a la vez, libro” (Valente 2008: 534).

Mesmo no artigo “Poesía, filosofía, memoria”, tamén xa de 1996, Valente recorre ao relato borgeano “Funes el memorioso”, outro conto de *Ficciones*, como parábola do seu pensamento, pois para o autor de *Material memoria* a memoria é moito máis que un almacén de datos:

Borges sospechó que Funes no era muy capaz de pensar en su mundo terrible, abarrotado de detalles casi inmediatos. Cuando todo está recordado, cuando más allá del recuerdo no hay Memoria, ésta muere. Como murió Ireneo Funes en 1889 de una congestión pulmonar (Valente 2008: 723).

Do libro *El aleph* menciona Valente, en “El otro Borges”, un personaxe que aparece no conto “El zahir”, concretamente a propósito da mención do “Barrio Sur, donde por solecismo murió Teodelina Villar” (Valente 2008: 227). É pois inevitablemente borgeana a visión de Bos Aires por parte de Valente, que reconece os lugares polas súas conexións cos personaxes creados polo autor de *Fervor de Buenos Aires*.

E moi significativamente, en “Borges y yo” remite Valente ao xa aludido relato “La rosa de Paracelso”, publicado por primeira vez en *Rosa y azul* (1977), traspoñendo o exemplo do alquimista ao do escritor ao remontarse a “cuándo y cómo nació la rosa en la mano de Paracelso” (Valente 2008: 1282).

Agora ben, tamén alude expresamente Valente a poemas de Borges. De feito, no bibliotecario escenario de “El otro Borges” xa corrobora que “en efecto, hay siempre un libro que nunca leeremos” (Valente 2008: 226), tal como escribiu o autor de *El hacedor* no poema “Límites”: “Entre los libros de mi biblioteca (estoy viéndolos) / hay uno que nunca abriré”.

E non é casual tampouco que en “Borges y yo”, Valente cite expresamente outro verso do segundo poema titulado “Límites” do poeta arxentino, incluído en *El otro, el mismo* (1964):

Usted, que no ha renunciado nunca a hablar *ex persona*, es decir, a través de la máscara, escribió: “espacio y tiempo y Borges ya me dejan” (Valente 2008: 1281).

Ao final deste artigo de homenaxe, o autor de *Fragmentos de un libro futuro* reproduce outros versos borgeanos procedentes tamén do libro *El otro, el mismo*, concretamente de “Otro poema de los dones”, de tema e título xa anticipados por Borges no “Poema de los dones” que aparecera en *El hacedor*:

gracias a Borges por toda la gratitud hacia lo creado y lo increado que alcanza a expresar en su bellissimo Otro poema de los dones, y, sobre todo, por estas líneas transparentes:

Gracias [...]
 Por el amor, que nos deja ver a los otros
 Como los ve la divinidad, (Valente 2008: 1282).

Tamén de belísimo cualificou Valente o “Poema de los dones” pertencente ao seu ensaio “La lengua de los pájaros”, dado a coñecer en dúas partes nos anos noventa:

Pero el laberinto es, a la vez, libro. Así lo escribe este bibliotecario ciego en el bellísimo “Poema de los dones”:

Lento en mi sombra la penumbra hueca
 exploro con el báculo indeciso,
 yo que me figuraba el Paraíso
 bajo la especie de una biblioteca.

Do ensaio de Borges toma o autor do quevediano poemario *A modo de esperanza* precisamente a visión borgeana de Quevedo, un dos poetas máis influentes na poesía de Valente, na que mesmo foi obxecto da composición “A don Francisco de Quevedo, en piedra”, incluída en *Poemas a Lázaro* (1960). En efecto, Valente escribiu a propósito de César Vallejo: “Vallejo remite así más de una vez a Quevedo, en quien pronto Borges iba a ver menos un hombre que una dilatada y compleja literatura” (Valente 2008: 618).

Mais tal consideración feita por Borges no seu ensaio titulado “Quevedo”, incluído en *Otras inquisiciones* (1952), onde a estende tamén a Dante, Shakespeare, Goethe e Joyce, é así mesmo a que moi xustificadamente parece ter o propio Valente polo autor de *Historia de la eternidad*. O mesmo libro de ensaios é tamén citado por Valente en “El otro Borges” a propósito da final declaración de “Nueva refutación del tiempo”:

Aunque bueno es decir que también usted habría de salirse del implacable círculo para que no todo en él fuese tan invulnerable y apodíctico, dando a pulmón batiente estas voces insólitas: “El mundo, desgraciadamente, es real; yo, desgraciadamente, soy Borges” (Valente 2008: 229).

Pero quizais o texto borgeano máis veces aludido por Valente non sexa un relato, nin un poema nin un ensaio, senón precisamente un escrito híbrido de todos os xéneros, neste sentido precisamente non moi alongado de “El otro Borges”: a introdución a *El hacedor* tras a dedicatoria a Leopoldo Lugones. O propio autor deste texto que, fóra do contexto de *El hacedor*, onde non ten título, pasou a chamarse “A Leopoldo Lugones”, debeu tamén telo en moi boa estima, pois o incluíu na miscelánea sección “Prosas”, diferenciada das chamadas “Poesía”, “Relatos” e “Ensayos”, nas súas autoescolmas *Antología personal* (1961) e *Nueva antología personal* (1968). En efecto, tanto “A Leopoldo Lugones” como “El otro Borges” suceden en boa parte nunha biblioteca e, no seu escrito, Valente alude as hipálaxes “lámparas estudiosas”, de Milton, e “Ibant obscuri sola sub nocte per umbras”, de Virxilio, mencionadas no seu prólogo polo meta-bibliotecario arxentino. E, por suposto, a irrupción de Virxilio ante Borges, que o confunde con Lugones, naquela biblioteca, recrea directamente a do propio Borges ante Lugones no limiar de *El hacedor*.

Significativamente, Valente ten moi en conta en máis dunha ocasión o paratexto borgeano, tan importante como o texto, e en “Borges y yo” parafrasea e cita un prólogo,

neste caso o do libro de relatos *El informe de Brodie*. En efecto, deste escrito procede a idea xa comentada de que Borges “se haya resignado a ser Borges”, así como as “claras y definitivas palabras” anteriormente mencionadas: “El ejercicio de las letras es misterioso; lo que opinamos es efímero”.

AS LECCIÓN DO MESTRE

Son moitas, pois, as leccións que Valente aprendeu e quixo aprender do mestre Borges. De feito, en “Borges y yo” establece un inventario das que lle proporcionou quen é para el “el escritor más universal que la lengua ha tenido en mucho tiempo” (Valente 2008: 1281). Agora ben, é moi consciente de que “nos ha enseñado muchas cosas que aún no hemos suficientemente aprendido” (Valente 2008: 1281). Esta idea xa fora anticipada en 1981, cando conta que, tras o comentario de Borges aludindo a que por fortuna os seus poemas non eran demasiado modernos, o poeta “comprendió hasta qué punto no había aún digerido por entero la anacrónica gravitación de la modernidad. Y se prometió en adelante remediarlo” (Valente 2008: 1302).

Asume Valente aquí e así, por tanto, unha infrecuente relación de “fábula de maestro y discípulo”, condición que só se dá na súa poesía en relación co escritor cubano José Lezama Lima, a quen expresamente tamén cualifica de “Maestro”. En efecto, o principal valor de Borges para Valente é precisamente a súa condición exemplar e o carácter xerminal da súa obra aberta e creadora, como lle recoñece e agradece en “Borges y yo”:

Que ha tenido usted la delicadeza de no haber querido dejarnos una *obra*, ese idolo fofo o esposa elefantina con que tantos se nos vienen encima. Que, gracias acaso a tan segura y fina negativa, nos ha dejado en cambio muchísimos ejemplos de lo que, con ese su admirable sentido del oficio o mester o ministerio único del escritor, usted ha llamada *una buena página*. Y que no sólo nos ha dejado esas buenas páginas, sino que con ellas ha ensanchado las posibilidades de la imaginación en nuestra lengua. Que usted, en definitiva, se ha adentrado por ésta para crear sobre todo nuevos espacios de creación y que a cuantos ahora podemos caminar en esas latitudes usted, el improbable, nos ha hecho posibles (Valente 2008: 1281-2).

Non é de estrañar, pois, que Borges ou o paradigma Borges sexa o referente de Valente cando relata un texto chinés que utiliza como parábola estética da disolución do artista e da arte na súa conversa de 1995 co pintor Antoni Tàpies:

Quisiera leerte un texto que me gusta mucho y que tiene que ver con la pintura y con otras formas de creación, que está en un libro llamado *Creativity and Taoism*, de un autor chino. Parece un cuento de Borges (Valente 2008: 541).

Xa asumido Borges e o Aleph Borges, como asimilada a Cábala xudía, Valente penetrou en *Tres lecciones de tinieblas* (1980) na mística da letra inaugural, no “Alef” que dá título ao primeiro poema deste libro: “En el punto donde comienza la respiración, donde el alef oblicuo entra como intacto relámpago en la sangre: Adán, Adán: oh Jerusalem” (Valente 2006: 397). En ambos textos, o conto “El Aleph” de Borges e o poema “Alef” de Valente, a primeira letra do alfabeto hebreo dá nome á totalidade e ao infinito, no primeiro caso a

través da vertixe da súa contemplación e no segundo a través da inminencia da vida, que conleva todas as posibilidades de realización.

Ambos sintonizan tamén coa teoría dos conxuntos e dos números transfinitos do matemático alemán, nacido en Rusia, Georg Cantor, para quen o todo non é necesariamente maior que algunha das súas partes, pois dados dous segmentos calquera, existe un mesmo número infinito de puntos en todos eles. Borges, admirador de Cantor, e Valente, admirador de Borges, demostraron literariamente que mesmo un segmento tan mínimo como a partícula Aleph, atopada nun faiado desleixado, ou como a consonante Alef, que non representa máis que a posición da larinxe cando a palabra comeza por vocal, ten tantos puntos e contén tantas cousas como o segmento máis amplo do cosmos, en realidade, que nun punto, nunha experiencia, nunha obra, nunha vida, poden estar todos os puntos, todas as experiencias, todas as obras, todas as vidas do universo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- RODRÍGUEZ FER, C. (2001): "Entrevista vital a José Ángel Valente: de Xenebra a Almería". *Moenia. Revista lucense de Lingüística & Literatura* 6 (2000), 185-210.
- VALENTE, J. Á. (2006): *Obras completas I. Poesía y prosa*. Edición e introdución de Andrés Sánchez Robayna. Barcelona: Galaxia Gutenberg - Círculo de Lectores.
- (2008): *Obras completas II. Ensayo*. Edición de Andrés Sánchez Robayna e recopilación e introdución de Claudio Rodríguez Fer. Barcelona: Galaxia Gutenberg - Círculo de Lectores.